

Os privilexios da clase política

Estes datos están sacados do libro "A Casta" de Daniel Montero

1. Co que gaña Rajoy nun mes, un pensionista con catro fillos vive durante dous afios e medio.
2. -Tal é o descontrol, que no Estado español non hai nin unha soa institución que coñeza cantos políticos cobran do Estado.
3. -Mentres que un cidadán ten, como máximo, unha pensión de 32.000 euros anuais, os políticos teñen dereito a pensións vitalicias moi superiores. 74.000 euros no caso dos primeiros espadas da Casta. Adernas estas pensións non son incompatibles con outros soldos da Administración e con outras actividades económicas. Un deputado ou senador ten que estar só sete anos no cargo para optar á pensión máxima, mentres que un traballador autónomo ou por conta allea necesita 35 anos cotizados.
4. -A retención das nóminas de deputados e senadores é só do 4,5%.
5. -Sabia vostede que paga do seu peto as multas que a DGT impón aos políticos? e que ademais as paga con recargo?
6. -Viaxes innecesarios? Unha comisión do Congreso pide permiso para que 60 deputados viaxen catro días a Canarias a estudar o cultivo do plátano.
7. -Zapatero é o único presidente da UE que carga os seus gastos vacacionais aos presupostos estatais. Viaxa con 100 persoas durante tres semanas.
8. -Jose María Aznar: é o único ex presidente do Goberno que solicitou o soldo vitalicio que supón sentarse no Consello de Estado: 74.000 euros anuais. Nómina que pretendía sumar ao de executivo do magnate da prensa Rupert Murdoch. Denegáronllo pero saíulle rendible. Aznar renunciou por un soldo de 220.000 euros ao ano, tres veces mais do que cobraba como conselleiro de Estado. [Resulta difícil cifrar, como no caso doutros ex presidentes, canto diñeiro suman as súas actividades privadas e públicas],
9. -ABSENTISMO: non existen datos oficiais sobre a falta ao traballo dos políticos ou polo menos non se fixeron públicos,
10. -AVIÓNS: os deputados poden utilizar ao seu antollo con cargo ás arcas do Estado avións, trens e barcos. Dispoñen de 5.000.000 de euros ao ano para viaxes.
11. -JOSÉ BONO: entre soldo e complementos, o presidente do Congreso cobra 13.856 euros ao mes: 3.126 por deputado, 3.605 como complemento, 3.915 para gastos de representación e 3.210 de libre disposición. as dúas últimas partidas suman mais de 6.000 euros mensuais para comidas, regalos e actos de protocolo. Todo este diñeiro sen contar as indemnizacións previstas por lei para sufragar «gastos que sexan indispensables para o exercicio da súa función».
12. -JOSÉ BOTELLA: o cuñado de Jose Maria Aznar foi fichado en Bruxelas, dende as oficinas do PP nesa capital. No tribunal que o examinou para funcionario estaba un

membro determinante, Gerardo Galeote, que presidía a delegación popular en Europa. En menos de dous anos o irmán de Ana Botella blíndase cun soldo europeo para toda a vida.

13. -JESÚS CALDERA: o ex ministro de Traballo e Asuntos Sociais recibe 6.319 euros mensuais polo seu escano na cámara baixa, onde redondea o seu soldo como vogal da Deputación Permanente e presidente dunha comisión. Cando era ministro subiu o salario mínimo a 600 euros. Catro anos despois, o seu soldo é 10 veces superior a esa cifra, que recibe simplemente por non abrir a boca. Caldera non presentou nin unha soa iniciativa nin interveu no Congreso dende que comezou a actual lexislatura. Ao final, cobrou en 2009 mais de 120.000 euros polos servizos prestados.
14. -CARGOS: Hai 8.112 alcaldes, 65.896 concelleiros, 1.206 parlamentarios autonómicos, 1.031 deputados provinciais, 650 deputados e senadores, 139 responsables de Cabildos e Consellos insulares e 13 conselleiros do Val de Aran.
15. -CASTIGO: nunca se sancionou a ningún político por incumprir o Código do Bo Goberno, que se supón que controla as boas practicas do Executivo.
16. -COCHES: o luxo de moitos dirixentes autonómicos lévalles a sentar as súas pousadeiras en automóbiles de mais de 100.000 euros. Gallardón, o alcalde de Madrid, móvese nun Audi A8 de 591.624 euros. Foi contratado en arrendamento ata 2011, así que o alcalde gasta 150.000 euros ao ano do peto dos seus cidadáns para moverse pola cidade e arredores. Catorce dos 17 presidentes autonómicos usan Audi. O valenciano Francisco Camps ten varios ao seu dispor (esa comunidade dispón de 200 vehículos para os seus altos cargos, a maioría deles Volvo S80, de 40.000 euros), o mesmo que sucedía con Chaves en Andalucía, cuxo Goberno conta con 234 coches oficiais.
17. -MANUEL CHAVES: cobra ao ano 81.155 euros por ser ministro mais unha indemnización de 46.000 ao ano por abandonar a presidencia de Andalucía. Ou sexa, 127.155 euros anuais. Dous soldos do Estado compatibles só para altos cargos. Para os demais españois esta prohibido por lei.
18. -DILAPIDACIÓN: o Congreso gasta cada ana 160.000 euros en regalos de Nadal. 11.000 cargos públicos reciben obsequios por esas datas, un gasto que suma ao ano 2.200.000 euros.
19. -DÉBEDAS: cada español debe aos bancos 566 euros pola débeda dos concellos.
20. - DIETAS: os parlamentarios que non viven en Madrid reciben, ademais do soldo, outros 1.823 euros ao mes polos seus supostos gastos de manutención e aloxamento. Os locais, 870 para gastos, libres de impostos. A suma destes sinxelos complementos supera o soldo de 12 millóns de cidadáns. Ademais, cobran 150 euros cada día se saen ao estranxeiro, e 120 se viaxan polo país.
21. -ENCHUFADOS: ata hai tres meses, cada eurodeputado dispoñía de 17.140 euros ao mes para contratar familiares. O ex presidente do PP de Cataluña e vicepresidente da cámara europea, Alejo Vidal-Quadras, puxo en nómina como secretario en Bruxelas a Albert Fuertes, irmán da súa esposa. E o eurodeputado cacereño do PP, Felipe Camisón (falecido en maio de 2009) contratou ao seu

conxugue como asistente, ao igual que fixo a tamén deputada popular Cristina Gutierrez-Cortines coa súa filla. E o mesmo fixo o socialista Enrique Barón coa filla dun militante afín. [Na actualidade, os familiares directos foron eliminados dos equipos dos deputados españois, Non obstante, os parentes de sangue foron substituídos por persoal próximo ao partido].

22. -FUNDACIÓNS: 52 políticos nacionais ocupan cargos en 74 fundacións distintas: 31 polo PSOE, 28 polo PP e 4 polo resto de grupos. A conservadora Soledad Becerril parece a mais activa: é membro do padroado de seis fundacións. Non todas teñen un marcado carácter político.
23. -ALFONSO GUERRA REINA: fillo do ex vicepresidente do Goberno, Alfonso Guerra. Foi elixido a dedo como asistente do vicepresidente do Parlamento Europeo, o socialista Miguel Angel Martinez. Mais de 140 millóns ao ano vanse en soldos de 1.200 recomendados. Con ese diñeiro poderíanse manter os servizos dunha cidade do estado de 115.000 habitantes durante un ano,
24. -HORAS EXTRAS: en 2008 o Goberno de La Rioja pagou 200.000 euros extras aos seus condutores. Realizaron 870.182 kilómetros, uns 2.300 ao día, O suficiente para cruzar tres veces o Estado de leste a oeste. Un gasto curioso xa que é a comunidade mais pequena do país e que o seu poboación é inferior á de calquera cidade dormitorio de Madrid. O uso de coches oficiais para asuntos particulares é unha práctica tan común como soterrada.
25. -IBARRETXE, JUAN JOSE: o ex lehendakari do Goberno vasco recibe uns 45.000 euros ao ano, a metade do que ingresaba cando era presidente. E cobrarao de por vida, igual que todos os membros do seu executivo. Este tipo de xubilacións están moi por enriba do límite legal para o resto dos españois, que non poden cobrar mais de 32.000 euros anuais, por moito que cotizasen toda a súa vida.
26. -IMPOSTOS: un cidadán, por exemplo, de Madrid sustenta cos seus impostos o salario de 27 concelleiros, 120 parlamentarios da Asemblea madrileña, 264 senadores, 350 deputados nacionais e 54 do Parlamento Europeo. En total, 815 cargos electos cun soldo base que supera os 3.000 euros. E sen contar os postos de confianza que arrastra cada un.
27. -XUBILADO DE OURO: tras abandonar o FMI, Rodrigo Rato regreso ao Estado cunha pensión vitalicia de 80.000 dólares anuais. Sumados ao soldo de ex ministro, en 2006 percibía 37.070 euros mensuais. [Un cidadán necesita cotizar ao menos 35 anos, 15 coa base mais alta, para poder cobrar a xubilación máxima de 32.000 euros ao ano].
28. -MARISCADAS: non hai límite legal para as comidas de representación dos políticos do Estado. Tampouco hai fiscalización previa á hora de comprar xamón, champan ou puros de alta cava. Exemplo de descontrol é o socialista valenciano Vicent Costa. Acababa de perder as eleccións municipais a favor do PP, pero seguía sendo alcalde en funcións. E como tal gastou case 500 euros do diñeiro público en gambas, cigalas, lagosta, navallas xamón e caldeireta. Unha boa despedida.
29. -MÓBILES: os senadores contan con 1,7 millóns de euros ao ano para gastos de teléfono, o concello de San Lucar de Barrameda tiña 270 dados de alta. Entre os

servizos que pagou figuran descargas de xogos, chamadas a Cuba e a varias liñas eróticas.

30. -MOROSOS: os membros da Casta investiron 66,6 millóns de euros na celebración das eleccións xerais de 2008. Dese diñeiro, 44 millóns foron prestados por bancos españois para financiar campañas publicitarias megalómanas. As mesmas entidades que ese ano de crise embargaron as casas a 60.000 familias por falta de liquidez. 180.000 persoas quedaron sen fogar. Non obstante, os partidos da Casta deben aos bancos 144,8 millóns de euros.
31. -NEGOCIOS: só o 33% dos deputados do Congreso dedícase en exclusiva ao seu labor político. O resto engorda as súas contas correntes coa participación en empresas privadas, fundacións e colaboracións varias. Algúns, como o deputado do PP Miguel Angel Cortés, aglutinan ata 12 actividades extraparlamentarias.
32. -NÓMINAS: os soldos dos políticos electos (80.000 membros da Casta, que encherían un estadio como o do Real Madrid) custan aos cidadáns uns 720 millóns de euros ao ano, mais que o presuposto anual de toda a rede ferroviaria, tres veces superior ao diñeiro dedicado a coidar o patrimonio nacional e 60 veces mais que o que gasta o país en saúde bucodental para mozos.
33. -LEIRE PAGIN: no 2000 coróase como a deputada mais moza do Estado. Oito anos despois, con 33 de idade, xa ten dereito a unha indemnización de 85.000 euros anuais do Estado. Recibe 5.500 euros ao mes polo seu traballo á fronte do PSOE, ten dereito ao 80% do seu soldo como ex secretaria de Estado de Cooperación, 103.000 euros anuais con todos os complementos, ao que hai que sumar 3.126 como senadora.
34. -PENSIÓN DE ESCÁNDALO: os ex ministros manteñen durante dous anos unha pensión por cesamento de 58.000 euros anuais, cifra seis veces superior á pensión media do Estado. Na actualidade, catro ex ministros compatibilizan ese diñeiro co soldo de deputado: José Antonio Alonso, Fernandez Bermejo, Maria Antonia Trujillo e Jesus Caldera.
35. -PROSTITUTAS: o concelleiro de Palma de Mallorca, Rodrigo de Santos, gastou mais de 50.000 euros en prostitutas e bares de ambiente. En Estepona, varios membros municipais están sendo investigados por cobrar 42.000 euros a unha rede investigada pola Audiencia Nacional para abrir un local de alterne. En 2002, o ex alcalde de Dolores {Alacante} foi condenado a seis meses de prisión por aboar a factura dun local de alterne, ao que acudiu con sete comensais.
36. -REGALOS: non hai unha lei concreta sobre os obsequios que poden aceptar ou non os políticos. En EUA, por exemplo, pasan ao Estado. Condolezza Rice recibiu o ano pasado nas súas viaxes oficiais xoias por valor de 360.000 euros. Aquí ninguén ten obriga de declaralos. Poden quedar con eles. Sen mais.
37. -PEDRO SOLBES: tras deixar a política en abril de 2009, o ex ministro de Economía encontrouse cun retiro duns 12.000 euros mensuais {unha pensión de 2.725 euros por ser funcionario, a súa pensión vitalicia como ex comisario europeo e outros 5.700 ao mes como compensación. durante dous anos, por ex ministro}. A Solbes, pois, esperáballes unha xubilación cinco veces maior que a de calquera cidadán.

38. -SECRETOS: o escurantismo sobre os gastos chega ao absurdo. O Parlamento Europeo conta cunha Oficina de Loita Contra a Fraude {OLAF, pola súa siglas en inglés). Non obstante, os seus informes son confidenciais e o seu contido completo só é coñecido polos parlamentarios. Os votantes poden saber das boas accións dos políticos, pero só a Casta coñece datos sobre a fraude.
39. -SEN LÍMITES: cada parlamento autonómico, deputación ou concello fixa o soldo dos seus cargos electos sen limite nin baremo ningún. Jose Bolarín, alcalde de Ulea (Murcia), con 900 habitantes, cobra uns 4.000 euros. O de Ricote, preto do pobo anterior, lévase 40.000 ao ano nunha poboación que non alcanza os 1.300 veciños. E a alcaldesa de Marbella, Marisol Yagüe, cobraba mais que o presidente do Goberno: 84.462 euros ao ano nun concello que estaba en bancarrota.
40. -TAXIS: a comodidade das súas señorías para facer o seu traballo é tal que o Congreso regala aos que non dispoñen de coche propio unha tarxeta personalizada cun saldo de 250 euros mensuais para que viaxen en taxi por Madrid.
41. CAMPS [gozará dun succulento soldo público](#). O expresidente da Generalitat Francisco Camps sempre terá un teito e un xugoso soldo público. Non importa se os tribunais o condenan por suborno ou o inhabilitan nun futuro por consentir, presuntamente, **que o seu partido se financiara de forma irregular a través da Gürtel**.

Negreira, único alcalde das sete cidades que cobra como Feljoo

<http://www.xornal.com/artigo/2011/07/08/politica/negreira-unico-alcalde-ciudades-cobra-feijoo/2011070800185100218.html>

Cobrará 76.000 euros, o socialista Abel Caballero, chega aos 71.000 euros, o de Ferrol, Jose Manuel Rey Varela (PP), fixouse un soldo de pouco máis de 44.000 euros, o alcalde santiagués, o popular Gerardo Conde Roa 60.500 euros, en Lugo, o soldo integro do alcalde Jose Lopez Orozco (PSOE) ascende a 66.881 euros, en Ourense, en cambio, o alcalde Francisco Rodríguez (PSOE) optou por rebaixarse o soldo a pasada lexislatura, pasando dos 72.000 aos 59.900 euros que agora mantén. O maior de Galicia esta en Sanxenxo: os 78.000 euros anuais brutos da alcaldesa Catarina González.

Información recollida na Xuntanza Indignada de Cambre (xuntanza convocada pola Rede de Asembleas de Barrios e Vilas da Coruña) do 15M e presentada pola Asemblea Popular de Oleiros.